


TUTORIAL PARA A UTILIZACIÓN DE “CENTROSNET APP”

1. Posibilidades da aplicación:

- Recibir mensaxes relativos á actividade académica da Escola (prazos de matrícula, datas das probas, actividades culturais, etc.)
- Consulta de notas.
- Recibir avisos das ausencias do profesorado.
- Notificación das ausencias do alumnado menor de idade aos seus titores/as.

2. Descarga e inicio de sesión

- Buscamos a aplicación “**Centrosnet**” na tenda do seu móbil: *Google Play* (Android) ou *App Store* (IOS).
- Descargamos a aplicación gratuitamente.
- Iniciamos sesión escollendo o centro (E.O.I. Pontevedra).
- En *Usuario*, escriba o seu número de expediente (figura no carné da Escola). Tamén pode visualizar o seu nº de expediente entrando en [Centrosnet](#) dende o navegador do seu móbil ou calquera outro equipo.
- En *Contrasinal*, introduza o “contrasinal persoal do alumno” que vostede xerou en *Centrosnet*.
- Unha vez descargada a aplicación, lembre seleccionar as notificacións e noticias do centro dende o menú “*Opcións da App*” e premer en “*Permitir enviar notificacións*” para recibir os avisos/mesaxes de xieto instantáneo.





- Unha vez aberta a sesión, visualizará o seguinte menú:

- Datos persoais
- Horarios do curso escolar
- Notas e avaliacións
- Historial completo
- Faltas de asistencia.




- **Horarios do curso escolar**


Nesta opción aparecerán os días e horas correspondentes aos grupos e idiomas nos que se atopa matriculado/a:



- **Notas e avaliacións/historial completo**


Poderá consultar de xeito inmediato o seu expediente completo e as notas do(s) curso(s) e idiomas que estuda na Escola:





- **Recibir mensaxes**

Poderá recibir avisos en tempo real sobre a actividade académica da Escola premendo na icona “Mensaxe” na parte inferior:



- **Consultar as notas dun/dunha alumno/a menor de idade**

Se vostede ten un fillo/filla matriculado/a e desexa consultar as asistencia deste/a, debe descargar a aplicación no seu dispositivo móbil seguindo as instrucións recollidas neste documento e iniciar sesión co usuario (número de expediente) e contrasinal persoal xerado en Centrosnet do/da seu/súa fillo/a.

A continuación prema na opción “Faltas asistencia” do menú principal para visualizar as ausencias.

Unha vez instalada a app, pode pechar a aplicación sen pechar a sesión para non ter que introducir novamente o usuario e contrasinal.

< Alumno	Faltas
Lenguaje musical	Enero - 2019 Nº Faltas: 1 Injustificada
Lenguaje musical	Febrero - 2019 Nº Faltas: 1 Justificada
Lenguaje musical	Marzo - 2019 Nº Faltas: 1 Injustificada
Lenguaje musical	Abril - 2019 Nº Faltas: 1 Injustificada
Violín	Enero - 2019 Nº Faltas: 1 Justificada
Violín	Abril - 2019 Nº Faltas: 1 Justificada